

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

ORDE do 29 de abril de 2022 (DOG nº 95 18/05/2022)

A. Destinatarios (*artigo 1*):

- A participación no fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria (en diante, EP) e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (en diante, ESO).
- Convocatoria de axudas para adquirir libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (en diante, EE); así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído nas disposicións adicionais primeira e segunda desta orde.
- A convocatoria de axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

1º, 2º, 3º e 4º ESO: O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2022/23 está **excluído da participación no fondo solidario de libros de texto** e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, **terá dereito á axuda para adquirir material escolar**, así como ás establecidas nas disposicións adicionais primeira e segunda, se reúne os requisitos establecidos nesta orde.

B. Renda per cápita da unidade familiar (*artigo 3*): Exercicio fiscal 2020.

C. Membros computables da unidade familiar (*artigo 4*): Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2020, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos de violencia de xénero, caso en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

D. Prazo para presentar solicitudes (*artigo 10*): **do 19 de maio ao 22 de xuño de 2022**, xa sexa por vía electrónica ou de modo presencial.

E. Documentación complementaria (*artigo 11*): **Ler con moita atención o contido deste artigo co fin de presentar para cada caso particular a documentación esixida pola normativa.** En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2020, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

É imprescindible ler con moita atención a Orde do 29 de abril que regula todo o procedemento, así coma as instrucións dos impresos da solicitude, co fin de evitar visitas innecesarias.

Para evitar visitas innecesarias, revise e comprobe que trae toda a documentación esixida para a súa situación persoal, familiar e económica a 31/12/2020

ANEXO I debidamente cuberto e asinado.

a) **Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.

- Para os seguintes documentos si a persoa solicitante e/ou os membros computables **se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:
 - DNI ou NIE
 - Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
 - Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)
- Para a declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, a falta deste, o certificado tributario de imputacións de renda do exercicio 2020 será necesario o consentimento expreso. No caso de non autorizar a consulta deberán achegar os documentos xustificativos.

b) **Copia do libro de familia ou documento equivalente**, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de **separación ou divorcio**, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- 1º. Certificado ou volante de convivencia.
- 2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegárase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) **Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia** non expedido pola Administración autonómica.

d) **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar**, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar.

e) **Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.**

f) **Resolución administrativa ou xudicial** acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.**

g) **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais** ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.**

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2020, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

Gracias pola súa colaboración